

Texto e ilustracións: **JEANNETTE JENNING**
Tradución: **ALFRED LOBMAYR** e **CHEMA HERAS**

Encadernado en cartón
32 páxinas en color. 26,5x21 cm.
Dispoñible en:

-Galego: "O abrigo misterioso". ISBN 978-84-96957-23-7
-Castelán: "El abrigo misterioso". ISBN 978-84-96957-24-4

Prezo: 13 €

O ABRIGO MISTERIOSO

Todas as mañás, o señor Abellón saía da súa casa cun abrigo enorme. Levaba algo agachado, pero non dabamos visto o que era porque, en canto saía pola porta, liscaba rúa abaixo a toda présa. Polas tardes, cando volvía á casa, o abrigo seguía tan avultado como pola mañá...



- **Temática:** historia de misterio
- **Idade recomendada:** dende 5 anos
- **Aspectos destacables:** descubrir segredos; importancia da lectura visual; recomendada para lectores afeccionados aos animais

Este libro contén as cualidades básicas que, segundo Jeannette Jennings, caracterizan ao bo álbum infantil: contribúe a desenvolver a curiosidade e a imaxinación dos máis novos. Un personaxe algo excéntrico chama a atención dun grupo de nenos, que se propoñen desvelar o seu segredo. Baixo o seu abrigo ocúltase algo misterioso que se move e emite estranos ruidos. O obxectivo é saber que e por que.

A este relato intrigante engádese unha proposta estética que destaca polo carácter panorámico das ilustracións, dotadas de sensación de perspectiva e profundidade. As accións transcorren nunha gran variedade de escenarios interiores e exteriores. Cada imaxe envolve ao lector nunha atmosfera cálida, luminosa, de cores suaves e trazos detallistas.

Trátase dun libro de textos breves e sinxelos, no que a lectura visual ten moita importancia, para que o lector se recree na exploración das ilustracións e, a través delas, e do seu innato poder de observación, chegue ao fondo da historia. En cada páxina xorden pistas que non lle pasarán desapercibidas: algo que asoma polo peto, unhas patas a ras do chan, unha cola enroscada que sae entre os botóns...

O momento de maior expectación e tensión argumental coincide cunha arriscada misión de rescate na que os nenos amosan o seu lado máis solidario co señor Abellón. O personaxe que espertara neles o seu espírito detectivesco estaba en apuros e corren na súa axuda, o que fará que entre eles naza a amizade. Así é como vencen o seu receo inicial para converterse en cómplices da súa discreta misión, unha boa causa que cativará aos lectores, especialmente os afeccionados aos animais.

JEANNETTE JENNING

Naceu en 1975 e estudou ilustración en Hamburgo, cidade na que reside actualmente. Desde 1998 traballa no eido da pintura e participa en actividades dirixidas ao público infantil. Ten asistido á Feira Internacional do Libro de Bolonia, a raíz da cal entrou en contacto con editoriais como Atlantis. "O abrigo misterioso", adicado ao seu fillo Anton, foi o seu primeiro álbum ilustrado.